

# FormaciónDixital


Competencias dixitais intermedias

**100% Online - 100% Gratuíto**

**100% Titorizado**

Formación**Dixital** é un programa formativo para obter a capacitación de nivel intermedio da cidadanía e dotala das competencias necesarias para **desenvolverse plenamente no mundo dixital**

## Dirixido a toda a cidadanía



## INSCRÍBETE

**Descobre o mundo dixital e fai a túa vida máis sinxela!**



## Beneficios desta formación



- ✓ Mellorar o teu día a día e resolver situacións cotiás como os **trámites coa Administración pública, crear e xestionar as túas redes sociais, coñecer as principais ferramentas de ciberseguridade**, a posibilidade de **ampliar o teu mercado laboral...**
- ✓ **Diploma acreditativo da formación completada**, emitido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.
- ✓ **A preparación necesaria para optar á obtención do ComDix**

O ComDix é a certificación galega en competencias dixitais que promove a Xunta de Galicia e que acredita o nivel que ten unha persoa para empregar as tecnoloxías dixitais, tanto no plano persoal como no social e o profesional.

Servirá para demostrar ante calquera institución, empregador ou persoa o noso nivel e aptitude no uso das tecnoloxías dixitais. Podes consultar máis información a través desta [LIGAZÓN](#)

\*Estes cursos formativos non outorgan directamente a certificación ComDix. Para isto é necesario presentarse ás probas de certificación específicas convocadas pola Amtega.



## O curso de formación en competencias dixitais intermedias

- A formación terá unha duración de **8 semanas** nas que o alumnado poderá desenvolver **o curso ao seu propio ritmo (sen horarios)**.
- A aprendizaxe será guiada. Realizaranse **sesións grupais de acompañamento con especialistas para resolver dificultades e retos**.
- O temario impartirase dunha forma amena e atractiva mediante **contidos formativos, actividades prácticas e material complementario**.
- Para finalizar o curso, os participantes terán que aprobar de maneira obrigatoria o **80%** das actividades avaliativas como demostración da adquisición das competencias.

## TEMARIO

### 1 Test autodiagnóstico do nivel de competencias

### 2 Busca e xestión da información dixital

- Busca, localización e selección da información.
- Personalización do navegador.
- Busca de información especializada.
- Operadores de busca en buscadores.
- Estratexias de verificación da información e contidos dixitais.
- Avaliación da información e contidos das páxinas web.
- Estratexias de selección da información.
- Fontes de contidos dixitais abertos.
- Organización e recuperación da información. Organización do espazo de almacenamento na nube.

### 3 Comunicación e colaboración

- Interacción a través das ferramentas dixitais. Ferramentas de interacción e comunicación. Configuración e personalización das ferramentas de comunicación.
- Comunidades e redes sociais.
- Comunicación audiovisual: ferramentas de videoconferencia.
- Formas e canais para compartir información. Ferramentas para o traballo en equipo. Estratexias de colaboración en liña.
- Cidadanía dixital. Sistemas de identificación: configuración e uso. Servizos dixitais para a cidadanía e Administración electrónica.
- A netiqueta dixital. Adaptación á diversidade funcional, de accesibilidade, cultural e xeracional. Xestión de conflitos no marco dixital.
- A xestión da identidade e pegada dixital. Coidado da reputación e a privacidade en liña. Configuración e actualización de perfís. Suplantación de identidade.

### 4 Creación de contidos dixitais

- Creación de contidos dixitais con ferramentas de ofimática e as súas funcións principais. Inserción de elementos de formato diverso. Importación e exportación. Cambios de formatos.
- Creación de contidos multimedia, interactivos e reelaborados. Programas de edición de contidos multimedia: vídeo, imaxe e audios.
- Creación de contidos web: sitios web, blogs, mapas mentais, infografías e repositorios de recursos. Creatividade e innovación dixital.
- Os dereitos de autor, licenzas de uso e contidos en aberto. Acceso a contidos multimedia. Licenzas de uso de software.
- Programación básica. Principios de arquitectura das aplicacións e servizos dixitais. Programación de tarefas. Licenzas de uso de software.

### 5 Benestar dixital: seguridade e privacidade

- Medidas de protección e seguridade dos meus dispositivos. Actuación ante perigos e ameazas. Consellos e estratexias para evitar riscos. Antivirus. Antimalware. Firewall.
- Dereitos e deberes no uso de datos persoais. Coidado da privacidade propia e allea.
- Benestar e inclusión dixital. Identificación e actuación ante os riscos para a saúde. Medidas preventivas para menores e colectivos vulnerables e a inclusión dixital.
- Sostibilidade tecnolóxica. Alargando a vida dos meus dispositivos. O consumo dixital e as medidas de protección.

### 6 Marco dixital e resolución de problemas

- Personalización dos dispositivos tecnolóxicos. Configuración e mantemento do software. Resolución de problemas frecuentes.
- Mellora dos dispositivos tecnolóxicos. Novos periféricos e os seus usos. Elección de ferramentas.
- Tecnoloxías emerxentes.

### 7 Avaliación final e diploma de acreditación

100% ONLINE  
100% GRATUITO  
100% TITORIZADO  
**¡INSCRÍBETE XA!**

**formaciondixital.gal**



 **681 053 179**

**info@formaciondixital.gal**